




## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as catorce horas e quince minutos do día oito de outubro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria urgente do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. José Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Pazos Lomba
- D. Javier González Verde
- D. Xan Lois Lomba Alonso
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a do concello D<sup>a</sup> Julia Maria Carrasco González-Alegre.

Asiste o funcionario Don Juan Alberto Santos Carrero.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

#### **PUNTO 1º.- XUSTIFICACIÓN DE URXENCIA.**

O señor Alcalde da lectura á xustificación da urxencia:


*“No Pleno de data 24 de setembro de 2012 tivo lugar o sorteo de membros das mesas electorais para o vindeiro proceso electoral autonómico que se celebrará o 21 de outubro deste ano. Dada a necesidade de realizar un novo sorteo para dar cobertura ás vacantes producidas, faise necesaria a convocatoria de Pleno para levar a cabo un novo sorteo, con tempo suficiente para efectuar as novas notificacións.*

*Doutra banda, o pasado 2 de outubro de 2012 reuniuse a Mesa Xeral de Negociación do Concello da Guarda, estando representado o Comité de Empresa, o representante dos funcionarios e representantes de CIG, CCOO e CSIF, adoptando por unanimidade dos membros presentes acordo en relación coa prestación económica nas situación de incapacidade temporal do persoal municipal, tendo en conta o disposto no artigo 9, en relación*



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



coa Disposición Adicional 18ª do Real Decreto- Lei 20/2012, de 13 de xullo, que no seu apartado 3º sinala que a presente disposición sortirá efectos nos procesos de incapacidade temporal que teñan inicio transcorridos tres meses dende a entrada en vigor desta norma, isto é, establece a data límite do 15 de outubro de 2012, polo que resulta necesaria a adopción do acordo plenario na materia aproveitando a presente convocatoria, dado que non se estima a celebración doutro Pleno antes da devandita data.

Por todo isto, xustifícase a urxencia da sesión plenaria convocada para o día 8 de outubro de 2012.”

Sometida a votación a urxencia, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

## PUNTO 2º.- SORTEO MESAS ELECTORAIS DAS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO GALEGO 2012.

Asiste o funcionario do concello D. Juan Alberto Santos Carrero.

Procédese ao sorteo das vacantes producidas no sorteo anterior, dando o seguinte resultado:

### DISTRITO 1 – SECCIÓN 1 - MESA A

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
GONZALEZ	DURAN	FRANCISCO ANTONIO	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
GARCIA	PEREZ	PASCUAL	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
EGEA	YUNTA	FRANCISCO JAVIER	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente
BALDONEDO	SUAREZ	ALICIA	2º VOGAL 1er. Suplente 2º VOCAL 1er. Suplente

### DISTRITO 1 – SECCIÓN 1 – MESA B

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
SOLLEIRO	CALVO	MONTSERRAT	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente


### DISTRITO 1 – SECCIÓN 2 – MESA A

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
------------------------------	-----------------------------	----------------	-----------------------------------



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



GONZALEZ	GONZALEZ	SAMUEL	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
GONZALEZ	GONZALEZ	HERMENEGILDO	1º. VOGAL 1er VOCAL
ALVAREZ	GONZALEZ	MARIA DOLORES	2º VOGAL 2º VOCAL

## DISTRITO 1 – SECCIÓN 2 – MESA B

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
PEREZ	GONZALEZ	MARTA	1º. VOGAL 1er VOCAL
SER DEL	NOYA	JOSE JAIRO	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente

## DISTRITO 1 – SECCIÓN 3 - MESA A

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
GONZALEZ	COVELO	YHONY	1º. VOGAL 1er VOCAL
GONZALEZ	MELON	MARIA TERESA	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente

## DISTRITO 1 – SECCIÓN 3 – MESA B

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
MARTINEZ	LOMBA	ANA MARIA	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente

## DISTRITO 1 – SECCIÓN 4 – MESA U

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
MARTINEZ	PEREZ	MONICA	1º. VOGAL 1er VOCAL


## DISTRITO 1 – SECCIÓN 5 – MESA A

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
GONZALEZ	VICENTE	ANA	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



CIVIDANES	RODRIGUEZ	MARIA JESUS	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
GARCIA	MORANDEIRA	ANTONIO	2º VOGAL 2º Suplente 2º VOCAL 2º Suplente

## DISTRITO 1 – SECCIÓN 5 – MESA B

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
RIVAS	PEREZ	MARTA MARIA	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente

## DISTRITO 2 – SECCIÓN 1 – MESA A

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
EXPOSITO	CADILLA	MELISA	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente

## DISTRITO 2 – SECCIÓN 1 – MESA B

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
MARTINEZ	MARTINEZ	OSCAR	PRESIDENTE/A 2º Suplente PRESIDENTE/A 2º Suplente

## DISTRITO 2 – SECCIÓN 2 – MESA A

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
BLANCO	ALVAREZ	MARIA LUISA	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
ALONSO	FERNANDEZ	CARLOS	2º VOGAL 2º VOCAL
FERNANDEZ	RODRIGUEZ	SILVIA	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente

## DISTRITO 2 – SECCIÓN 2 – MESA B

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
LOMBA	BAZ	ANTONIO	1º. VOGAL 1er VOCAL
PRADO DEL	RENTERO	MIGUEL ANGEL	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



LOPEZ	FEIJOO	JACOBO	1º VOGAL 1º. Suplente 1er. VOCAL 1er. Suplente
-------	--------	--------	---

**DISTRITO 3 – SECCIÓN 1 – MESA U**

1.º APELIDO 1.er APELLIDO	2.º APELIDO 2.º APELLIDO	NOME NOMBRE	CARGO NA MESA CARGO EN LA MESA
CALAFE	MIÑONES	CARLOS JAVIER	PRESIDENTE/A PRESIDENTE/A
MARTINEZ	MARTINEZ	ALICIA	PRESIDENTE/A 1º Suplente PRESIDENTE/A 1er. Suplente
RODRIGUEZ	NUÑEZ	ANDREA	1º VOGAL 2º Suplente 1er. VOCAL 2º Suplente

**PUNTO 3º.-PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN ECONÓMICA NAS SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL MUNICIPAL.**

A señora Magallanes Álvarez da conta da seguinte proposta:

“En data 2 de outubro de 2012 reuniuse a Mesa Xeral de Negociación do Concello da Guarda, estando representado o Comité de Empresa, o representante dos funcionarios e representantes de CIG, CCOO e CSIF, adoptando por unanimidade dos membros presentes acordo en relación coa prestación económica nas situación de incapacidade temporal do persoal municipal, tendo en conta o disposto no artigo 9, en relación coa Disposición Adicional 18ª do Real Decreto- Lei 20/2012, de 13 de xullo, acordando o seu sometemento ó Pleno do Concello para a súa aprobación.

Por todo o antedito, sométese ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Concello asegurará e abonará a todo ó persoal en situación de Incapacidade Temporal os seguintes complementos:

**1.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns,** ata o terceiro día se lle recoñecerá un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Dende **o cuarto día** da situación de incapacidade temporal **ata o día 20**, ambos inclusive, se lle recoñecerá un complemento que sumado á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social sexa equivalente ó 75% das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

**A partires do día 21**, inclusive, se lle recoñecerá unha prestación equivalente ó 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

**2.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais** (accidente laboral ou enfermidade profesional) e perante todo o período de



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



duración da mesma, a percepción do 100% das retribucións, por todo os conceptos, que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

**3.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de contingencias comúns** se lle recoñecerá dende o inicio da IT, un complemento retributivo do 100% das retribucións que se viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos tódolos conceptos nas seguintes situacións:

- Hospitalización.
- Intervención cirúrxica.
- Risco por embarazo.
- Maternidade.
- Paternidade.
- Risco perante a xactancia natural.
- Accidente grave ou moi grave.
- IT sen hospitalización provocada por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis,
- IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversíbeis e/ou incurábeis, (por exemplo a diálise).
- IT por enfermidade relacionada por discapacidades recoñecidas cun grado do 33% ou superior.
- Procesos oncolóxicos.
- Períodos de recuperación ou postoperatorios e recaída dos mesmos.
- Recaída por procesos anteriores incluídos neste punto

**4.-** Cando haxa dúbidas en situacións distintas as enumeradas nos apartados anteriores serán resolto por acordo e a través dunha Comisión que se constituirá ó efecto e que aplicará o regulamento que se aprobe, formada por un membro de cada sindicato con representación no Concello os/as Presidentes/as da Xunta de Persoal e Comité de Empresa, os asesores que se consideren oportunos para a toma de decisións e o Alcalde ou concelleiro en quen delegue. “

A señora Magallanes Álvarez explica que o Real Decreto-Lei deixa sen efectos os Convenios colectivos e outorga un marxe novo aos supostos das prestacións económicas en situacións de incapacidade temporal, e acordado por unanimidade na Mesa Xeral de Negociación chegar ata o tope máximo do previsto, sométese ó Pleno, por considerar que se trata da modificación do Convenio colectivo.

A señora Estévez Álvarez di que non vai opinar, é algo que está por lei, reflexa o que dí o Real Decreto.

O señor Lomba Alonso dí que van votar a favor; trátase dunha iniciativa do sindicato nacionalista e existe acordo entre as partes.

A señora Iglesias Ferreira di que non van obstaculizar o proceso, pero pregunta se non se conta cun informe de Intervención, contestando a señora Magallanes Álvarez que podería



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



terse acompañado dun informe, pero cre que non é necesario, posto que está por debaixo do anterior, e non supón unha modificación nin se afecta ó orzamento.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (seis abstencións).

E non habendo máis asuntos que trata, sendo as catorce horas e trinta minutos, o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como secretaria, dou fe.

O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre